

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA

En Vigo, na sede da Federación Galega de Balonmán, sendo as **11:30 horas do día 6 de xullo de 2026**, unha vez formalizada a toma de posesión da Presidencia da Federación Galega de Balonmán, procédese á constitución da **Comisión Delegada da Asemblea Xeral**, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do deporte de Galicia, nos Estatutos da Federación Galega de Balonmán e no Regulamento Electoral.

Preside o acto **D. Bruno López Molina**, Presidente da Federación Galega de Balonmán, asistido por **D^a Carla Abad Alonso**, Secretaria Xeral da Federación, quen redacta a presente acta.

EXPÓN

Primeiro. Que, finalizado o proceso electoral federativo correspondente ao ano 2026, resultaron elixidos pola Asemblea Xeral os membros da Comisión Delegada que corresponden aos distintos estamentos, de conformidade co establecido no artigo 25 do Regulamento Electoral.

Segundo. Que mediante Resolución da Presidencia nº 1/2026, de data **6 de xullo de 2026**, o Presidente da Federación procedeu á designación dos catro membros da Comisión Delegada que lle corresponde nomear de conformidade co Regulamento Electoral.

Terceiro. Que, en consecuencia, procede declarar formalmente constituída a Comisión Delegada da Federación Galega de Balonmán para o mandato correspondente ao período **2026–2030**.

QUEDA CONSTITUÍDA A COMISIÓN DELEGADA COA SEGUINTE COMPOSICIÓN

Presidente nato

- **D. Bruno López Molina**

Representantes do estamento de clubs (elixidos pola Asemblea Xeral)

- Escolas Balonmán Xiria
- Balonmán Cañiza
- S.A.R.
- Club Balonmano Atlántico

Representantes do estamento de deportistas

- D^a Aida Barros Seoane
- D. Henrique Gabriel Loureço

Representante do estamento de persoas adestradoras

- D. David Iglesias Freire

Representante do colectivo arbitral

- D. Víctor Manuel Rivera Diz

Membros designados pola Presidencia

- Bueu Atlético Balonmán
- Club Balonmán Lalín
- Club Balonmano Porriño
- D. Anxo Otero Sieiro

ACORDOS

Primeiro. Declarar formalmente constituída a Comisión Delegada da Federación Galega de Balonmán para o mandato 2026–2030.

Segundo. Facer constar que a Comisión Delegada exercerá as competencias que lle atribúen a Lei do Deporte de Galicia, os Estatutos da Federación Galega de Balonmán e o resto da normativa aplicable.

Terceiro. Ordenar a incorporación da presente acta ao expediente electoral e a súa remisión á Secretaría Xeral para o Deporte e ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia para os efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizado o acto ás 11.45 horas do día anteriormente indicado.

E para que así conste, asínase a presente acta.

A Secretaria da Comisión Xestora
Fdo.: Carla Abad Alonso



Vº Bº O Presidente da Comisión Xestora
Fdo.: José Ignacio Permuy Varela